

A Coruña
7.III.78

Maruxa e Luis
Buenos Aires

Queridísimos amigos:

Ao fin, soupemos de vós. Tiñámos noticias indirestas, via Paris, verbo dunha perturbación na saúde de Luis. E preocupámonos. Logo enterámonos de que a cousa non fora seia. E tranquilizámonos. Despois xa nada nos extrañou a vosa tardanza porque sabíamos do mes que precisades pra vos readaptar á vida por teña.

Nós, coma sempre. Fernanda a todo gas, correndo, bulindo, ordenando, mandando, conducindo, traballando, xestinando e aconsellando sin acougo. Agora quéixase dunhas sístoles e diástoles camiñando ao par dela velozmente, atoladamente, axitadamente, intermitentemente. Eu non séi que vai ser da miña Fernanda con tanto trafego. O Fernando, cabaleiro namorado, clásico e fillo, neto e bizneto de burgueses, prestando os seus servizos profesionais a un sindicato obreiro, correa de transmisión -como agora se di- dun partido político á esquerda do PC. Cousas da vida. E eu, atufado polo bufete e máis polo García Sabell na Academia, sin esquecer aos acreedores da Corporación, que andan atrás miña, como tesoureiro, para cobrar.

Falando da Academia, ingresaron nela coa lectura dos seus discursos Eduardo Moreiras (poesía e realidade), Valentin Paz Andrade (o idioma galego no Brasil) e Xenaro Mariñas del Valle (público e teatro). Contestamos, respectivamente, del Riego, Cunqueiro e máis eu. Foron uns belidos discursos, aínda que o Valentin dónos a murga cunha mala lectura, debida, sin dúbida, polos seus atrancos visuais.

Da nosa preautonomía, nada. O Goberno pisou o freno, parou o choio e semella virar á dereita. Con todo, véñse observado nestes ultimos días unha tímida actividade nos partidos políticos galegos, e unha lixeira presión dos parlamentarios sobre o Goberno. Veremos. A min o tema xa me ten aburrido.

O Isaac, como de costume. Quérese decir, argallando. Sigue ás voltas co xornal, coa apertura da tenda de Sargadelos en Santiago, e coas obras do edificio que ha albergar provisionalmente ao Museo. E coa teima iglesiascorrialán. O Rafael Dieste, estupendo Perfecta, intelixentemente adaptado a súa perda visual, está máis falangueiro que nunca e xeneroso na comunicación dos seus saberes aos demais. Eu xa lle digo que vou levar un magnetófono disimulado candia min para cando el morra editar libros co meu nome e as súas ideas. Ríse e di que non estaría mal.

Estóu arranxando as miñas cousas para unha viaxata a Salamanca, onde o del Riego, o Balifias e máis eu estamos invitados -días 16,17,18 e 19- a un coloquio sobor "La convivencia de culturas en la península Ibérica". As istirán intectuals portugueses, cataláns, vascos e castelans.

Levamos un inverno bravo. Frio e auga a esgalla. E vós, tan ricamente, coas vosas idas e vidas, vivindo nun perpétuo vrán. Así calquera.

Cinguidísimas apertas de nós os catro pra vós os dous.

Dónesa }